

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 30 DE MARZO DE 2021

No despacho da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos, ás nove horas do día trinta de marzo de dous mil vinte e un, baixo a presidencia da terceira tenente de alcalde, dona Elisa Pestonit Barreiros, por imposibilidade de asistencia do señor alcalde en funcións, don Juan González Leirós, reúnese en sesión telemática, a través da plataforma Zoom, a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión ordinaria convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 1315/2019, de data 1 de xullo: don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, don Daniel Mallo Castro, dona María Dolores Pan Lesta e don Diego Alcantarilla Rei.

Non asiste, con escusa, dona Lúa Sanguñedo Álvarez.

Faise constar que asisten tamén ao acto don Ramón Boga Moscoso, concelleiro con delegación especial dos servizos de Turismo e Patrimonio, incluídos na Área de Presidencia; dona María Carmen Pan Matos, concelleira con delegación especial do servizo de Desenvolvemento Asociativo, incluído na área de Presidencia; dona Mónica Varela Germade, concelleira con delegación especial do servizo de Cultura, incluído na área de Cultura, Deportes e Xuventude; e dona Patricia María Parceros Quiñoy, concelleira con delegación especial dos servizos de Medio Ambiente e Mobilidade, incluídos na área de Educación, Medio Ambiente, Mobilidade e Sanidade; isto en aplicación do disposto no artigo 133.3 do Regulamento orgánico municipal.

Intervén como secretaria accidental dona Verónica María Otero López.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1º. Aprobación, se procede, do borrador da acta da sesión ordinaria do día 23 de marzo de 2021

A señora presidenta pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de data 23 de marzo de 2021 e, ao non se formular, a Xunta de Goberno Local, co voto a prol dos dous membros que asistiron á citada sesión e están hoxe presentes (don Daniel Mallo Castro e dona María Dolores Pan Lesta) aprobou o citado borrador.

2º. Boletíns e correspondencia

- Resolución 10964/2021, do Servizo de Promoción Económica, Turismo e Emprego, da Deputación Provincial da Coruña, pola que se aproba a concesión provisional de subvencións correspondentes ao programa DP0029: Programa de subvencións dirixido aos concellos e agrupacións de concellos da provincia da Coruña de menos de 50.000 habitantes para o financiamento do gasto de persoal das oficinas de turismo durante o ano 2021. (Boletín Oficial da Provincia número 55, do 24 de marzo de 2021).

Consta un orzamento subvencionado que se ten que xustificar polo Concello de Cambre por importe de 13.266,39 euros.

- Resolución do 12 de marzo de 2021, de Augas de Galicia, pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións aos concellos, en réxime de concorrencia competitiva, destinadas á execución de obras de abastecemento, saneamento e depuración, financiadas no marco do eixe REACT-UE do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, e se convocan para o ano 2021 (código de procedemento AU300A). (Diario Oficial de Galicia número 56, do 24 de marzo de 2021).

- Orde do 24 de marzo de 2021, da Consellería de Sanidade, pola que se modifica o anexo II da Orde do 17 de marzo de 2021, pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia. (Diario Oficial de Galicia número 56-Bis, do 24 de marzo de 2021).

O Concello de Cambre figura incluído dentro dos concellos con nivel de restrición media-baixa.

- Orde do 8 de marzo de 2021, da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión do distintivo Bandeira Verde de Galicia e se convocan para o ano 2021 (código de procedemento MT401A). (Diario Oficial de Galicia número 57, do 25 de marzo de 2021).

- Resolución 2021/11260, do Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes, Sección de Educación, Cultura e Deportes, da Deputación Provincial da Coruña, pola que se aproba a concesión provisional de subvencións correspondentes ao programa F0106: Convocatoria do programa de subvencións a concellos e outras entidades locais para o mantemento ou contratación de persoal técnico nos servizos municipais de deporte en 2021. (Boletín Oficial da Provincia número 57, do 26 de marzo de 2021).

Consta un orzamento subvencionado que se ten que xustificar polo Concello de Cambre por importe de 18.750,00 euros.

- Orde do 26 de marzo de 2021, da Consellería de Sanidade, pola que se modifica a Orde do 17 de marzo de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específica como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia. (Diario Oficial de Galicia número 58-Bis, do 26 de marzo de 2021)

- Anuncio da Tesourería e Xestión de Tributos, Servizo Central de Recadación, da Deputación Provincial da Coruña, de establecemento de dous períodos de pagamento en período voluntario para os recibos emitidos pola Deputación da Coruña. (Boletín Oficial da Coruña número 58, do 29 de marzo de 2021).

- Anuncio da Tesourería e Xestión de Tributos, Servizo Central de Recadación, da Deputación Provincial da Coruña, de establecemento dun plan especial de pagos individualizados. (Boletín Oficial da Coruña número 58, do 29 de marzo de 2021).

- Resolución número 11284, do 24 de marzo de 2021, da Presidencia da Deputación Provincial da Coruña, pola que se aproba a concesión provisional de subvencións correspondentes ao programa FONL: convocatoria do programa de subvencións a concellos e outras entidades locais da provincia da Coruña para a creación, mantemento e reforzo dos servizos de normalización lingüística, durante o 2021. (Boletín Oficial da Provincia número 59, do 30 de marzo de 2021).

Consta un orzamento subvencionado que se ten que xustificar polo Concello de Cambre por importe de 18.750,00 euros.

3º. Expedientes de contratación

3.1. Proposta de devolución de garantía definitiva á empresa Jardinería Arce, S.L., adxudataria da obra "Traslado e mellora do parque infantil da praza José Luis Caso Cortines", incluída no Plan de Acción Social (PAS) Adicional 1/2015 da Deputación Provincial da Coruña. Expediente núm. 2017/C003/000013

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 25 de marzo de 2021 que literalmente se transcribe a continuación:

«Visto que con data 04 de xullo de 2018, asinouse o contrato entre o Concello de Cambre e a entidade *Jardinería Arce, S.L.* para a obra "*Traslado e mellora do parque infantil da Praza José Luis Caso Cortines*", incluída no *Plan de Acción Social (PAS) Adicional 1/2015 da Deputación Provincial da Coruña*". Expediente 2017/C003/000013

Visto que no antedito expediente depositouse na Tesourería municipal unha garantía definitiva polo importe de 3.580,00 euros, con número de rexistro 824, por medio de un aval bancario de data 15/06/2018 para garantir a execución do contrato.

Visto que venceu o prazo de garantía aplicable desde a desde a recepción da obra, e cumprido satisfactoriamente o contrato sen que, por outra banda, o Concello fixese ningunha obxección ou reparo, isto segundo informe favorable emitido pola enxeñeira técnica de obras públicas municipal, con data do 15 de maio de 2020.

Visto o informe de fiscalización favorable emitido pola Intervención Municipal con data do 21 de marzo de 2020 e NUM 76/2021.

A teor do establecido nos arts. 102.2, 222.3 e 235 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSF) e da Disposición Transitoria Primeira da Lei 9/2017 LCSP.

En uso das atribucións que me foron conferidas polo señor alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: Devolver a garantía definitiva depositada pola entidade "*Jardinería Arce, S.L.*", con CIF B1554.... e enderezo en Manuel Murguía 4-6, entresollado, 15011, A Coruña no expediente número 2017/C003/000013, para a obra "*Traslado e mellora do parque infantil da Praza José Luis Caso Cortines*", incluída no *Plan de Acción Social (PAS) Adicional 1/2015 da Deputación Provincial da Coruña*"

Segundo: Notifíquese ao interesado, facéndolle saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, estes acordos poñen fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde [artigo 124 da Lei 39/2015 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local].

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.

Terceiro: Notificar o presente acordo aos Departamentos de Intervención e Tesourería municipal, para os efectos oportunos.»

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos cinco concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

3.2. Proposta de devolución de garantía definitiva á empresa Iam Rumbo Instalaciones y Obras, S.L., adxudicataria da obra denominada “Mellora das pistas descubertas do parque Ramón Barba (O Temple) e A Barcala”, incluída no POS+ 2017. Expediente núm. 2017/C003/000007

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 25 de marzo de 2021 que literalmente se transcribe a continuación:

«Visto que con data 02 de febreiro de 2018, asinouse o contrato entre o Concello de Cambre e a entidade *Iam Rumbo Instalaciones y Obras, S.L.* para a execución da obra denominada “*Mellora das pistas descubertas do parque Ramón Barba (O Temple) e a Barcala*” incluída no POS +2017. Expediente 2017/C003/000007

Visto que no antedito expediente depositouse na Tesourería municipal unha garantía definitiva por medio de un aval bancario número 10001106158 de data 4/01/2018 e importe de 2.190,08 euros, con número de rexistro 788 e data de depósito de 15/01/2018, para garantir a execución do contrato.

Visto que venceu o prazo de garantía aplicable desde a recepción da obra, e cumprido satisfactoriamente o contrato sen que, por outra banda, o Concello fixese ningunha obxección ou reparo, isto segundo informe favorable emitido pola enxeñeira técnica de obras públicas municipal., con data do 02 de xaneiro de 2020.

Visto o informe de fiscalización favorable emitido pola Intervención Municipal con data do 21 de marzo de 2021 e NUM 75/2021.

A teor do establecido nos arts. 102.2, 222.3 e 235 do Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP) e da Disposición Transitoria Primeira da Lei 9/2017 LCSP.

En uso das atribucións que me foron conferidas polo señor alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO:**

Primeiro: Devolver a garantía definitiva depositada pola entidade “*Iam Rumbo Instalaciones y Obras, S.L.*”, con CIF B1544.... e enderezo na rúa Peiro de Arriba, nº 6-A,15189, Culleredo, A Coruña, no expediente número 2017/C003/000007, para a execución da obra denominada “*Mellora das pistas descubertas do parque Ramón Barba (O Temple) e a Barcala*”, incluída no POS +2017.

Segundo: Notifíquese ao interesado, facéndolle saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, estes acordos poñen fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde [artigo 124 da Lei 39/2015 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local)].

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.

Terceiro: Notificar o presente acordo aos Departamentos de Intervención e Tesourería municipal, para os efectos oportunos.»

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos cinco concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

4º Informe das resolucións ditadas pola alcaldía e polos concelleiros delegados da área dende a anterior Xunta de Goberno Local

Os presentes danse por informados das resolucións da alcaldía e concellerías delegadas de área ditadas dende o día 18 ao día 25 de marzo do ano que andamos, que comeza coa resolución da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recurso Humanos número 385/2021 e remata coa resolución do concelleiro delegado da área de Urbanismo e Obras número 417/2021, segundo se relaciona a seguir:

Nº decreto	Data sinatura	Asunto
385/2021	18-03-2021	Docencia seminario-workshop: "O deseño web ecommerce dunha multinacional textil" (proxectos de deseño UX e UI) Obradoiro de Emprego PROXEDIS-PROWEB II
386/2021	18-03-2021	Incoación de expediente de ruína de edificación sita no Corgo - Brexo
387/2021	18-03-2021	Reposición da legalidade urbanística por exercicio de actividade de tenda de alimentación sita na rúa Constitución. Propiedade: V.R.L.
388/2021	18-03-2021	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 23 de marzo de 2021
389/2021	18-03-2021	Concesión de licenza de vao permanente a F.J.D.V. para acceso a baixo sito na rúa Otero Pedraio – O Temple
390/2021	18-03-2021	Concesión a M.G.G. de licenza de vao permanente para acceso a local destinado a actividade de almacén e oficina, sito na rúa Otero Pedraio – O Temple
391/2021	22-03-2021	Convocatoria da sesión ordinaria do Pleno municipal do día 25 de marzo de 2021
392/2021	22-03-2021	Contratación da subministración e plantación de árbores en terreo municipal na contorna do local social e lavadoiro de Meixigo
393/2021	23-03-2021	Contratación de Antía Yáñez : conferencia sobre Xela Arias (17/05/2021)
394/2021	23-03-2021	Contratación contacontos Paula Carballeira / Día das Letras Galegas 2021
395/2021	23-03-2021	Contratación de concerto de Susana Seivane / Día das Letras Galegas 2021



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

396/2021	23-03-2021	Denegación de axuda recibo de luz a M.A.F.S. por existir outra axuda polo mesmo concepto por parte doutra administración ou institución pública
397/2021	23-03-2021	Denegación de axuda odontoloxía a M.A.R. por superar a unidade de convivencia o límite de ingresos establecidos
398/2021	23-03-2021	Concesión tarxeta estacionamento a persoas con discapacidade a M.E.R.C.
399/2021	23-03-2021	Devolución de aval presentado por A.P.G. e S.P.S. para garantir as obras de urbanización da vivenda unifamiliar sita en Outeiro – Cela
400/2021	23-03-2021	Concesión axuda emerxencia social de alimentos a R.E.C. por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto.
401/2021	24-03-2021	Delegación de funcións do señor alcalde os días 26, 29, 30 e 31 de marzo de 2021
402/2021	24-03-2021	Aprobación solicitude de subvención LER CONTA MOITO
403/2021	24-03-2021	Resolución aprobación nómina mes de marzo de 2021
404/2021	24-03-2021	Concesión axuda emerxencia social alimentos a C.F.T. por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto.
405/2021	24-03-2021	Concesión axuda emerxencia social alimentos a N.M.G.D.S. por un período máximo de 18 meses, condicionado ao cumprimento do proxecto.
406/2021	24-03-2021	Concesión axuda emerxencia social alimentos a V.V.D.M. por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto.
407/2021	24-03-2021	Programa ABRILUSTRADO 2021
408/2021	24-03-2021	Adxudicación da subministración de cinco unidades de dosificadores de pé para protección fronte á Covid nos campos de fútbol municipais á entidade DIMALNOX, S.L. , no prezo ofertado de 1.920,55 € sen IVE, 2.323,87 € IVE incluído. Exp. 2021/C002/000033
409/2021	24-03-2021	Licenza para ceder 105,63 m ² do terreo sito en Riveiriña – Bribes, propiedade de D.M.P., co fin de destinalo a viario público.
410/2021	24-03-2021	Aprobación de certificacións correspondente á obra "Mellora do espazo público e rexeneración urbana no Temple, Fase II. POS+2019", e recoñecemento e liquidación de obrigas correspondentes á factura por importe total de 55.738,13 euros, así como o seu pagamento.
411/2021	25-03-2021	Expediente de orde de execución por depósito de planchas de fibrocemento en terreo sito en Anceis. Propietario: P.Q.A.
412/2021	25-03-2021	Desestimación de alegacións presentadas por S.A.S. e requirimento de documentación para emenda comunicación previa
413/2021	25-03-2021	Aprobación de facturas e recoñecemento de obrigas con reparos da Intervención por importe total de 16.350,51 €
414/2021	25-03-2021	Xestión de multas de tráfico- 158/2021 Resolución de primeiras alegacións
415/2021	25-03-2021	Aprobación de despesas dos gastos de Seguridade Social do mes de febreiro de 2021 e da produtividade do cuarto trimestre 2020 e recoñecemento e liquidación de cadansúas obrigas, e dos mandamentos de pago das retencións practicadas na nómina do mes de marzo de 2021
416/2021	25-03-2021	Devolución de aval presentado para a construción de vivenda unifamiliar e piscina en Estorrentada – Cambre

417/2021	25-03-2021	Reposición legalidade urbanística por realización de obras de reparación da cuberta da casa rectoral de Cambre, sen licenza. Propiedade: Arcebispado de Santiago de Compostela
----------	------------	--

A continuación, a Presidencia, ao abeiro do establecido no artigo 133 do Regulamento orgánico municipal respecto de que as sesións da Xunta de Goberno Local se axustarán ao establecido para o Pleno, somete a votación ordinaria a declaración de urxencia da proposta de devolución da garantía definitiva á empresa Jardinería Arce, S.L., adxudicataria da obra "*Ampliación e reforma do parque infantil da praza Manuel Lugrís, O Temple.*", incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 1/2017 da Deputación Provincial da Coruña, expediente núm. 2017/C003/000015, sendo aprobada a urxencia da proposta por unanimidade dos cinco concelleiros asistentes á Xunta de Goberno Local.

Único. Proposta de devolución da garantía definitiva á empresa Jardinería Arce, S.L., adxudicataria da obra "*Ampliación e reforma do parque infantil da praza Manuel Lugrís, O Temple.*", incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 1/2017 da Deputación Provincial da Coruña. Expediente núm. 2017/C003/000015

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 26 de marzo de 2021 que literalmente se transcribe a continuación:

«Visto que con data 30 de xullo de 2018, asinouse o contrato entre o Concello de Cambre e a entidade *Jardinería Arce, S.L.* para a obra "*Ampliación e reforma do Parque Infantil da Praza Manuel Lugrís, O Temple, incluída no POS+ Adicional 1/2017 da Deputación Provincial da Coruña*". Expediente 2017/C003/000015

Visto que no antedito expediente depositouse na Tesourería municipal unha garantía definitiva de data 12/07/2018 e importe de 4.525,00 euros, con número de rexistro 831, por medio de un aval bancario nº 0354/4198 de data 11/07/2018 para garantir a execución do contrato.

Visto que venceu o prazo de garantía aplicable desde a recepción da obra, e cumprido satisfactoriamente o contrato sen que, por outra banda, o Concello fixese ningunha obxección ou reparo, isto segundo informe favorable emitido pola enxeñeira técnica de obras públicas municipal, con data do 15 de maio de 2020.

Visto o informe de fiscalización favorable emitido pola Intervención Municipal con data do 26 de marzo de 2021 e NUM 81/2021.

A teor do establecido nos arts. 102.2, 222.3 e 235 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP) e da Disposición Transitoria Primeira da Lei 9/2017 LCSP.

En uso das atribucións que me foron conferidas polo señor alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO:**

Primeiro: Devolver a garantía definitiva depositada pola entidade "*Jardinería Arce, S.L.*", con CIF B1554.... e enderezo en Manuel Murguía 4-6, entresollado, 15011, A Coruña no expediente número 2017/C003/000015, para a obra "*Ampliación e reforma do Parque Infantil da Praza Manuel Lugrís, O Temple, incluída no POS+ Adicional 1/2017 da Deputación Provincial da Coruña*".

Segundo: Notifíquese ao interesado, facéndolle saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, estes acordos poñen fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde [artigo 124 da Lei 39/2015 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local].

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.

Terceiro: Notificar o presente acordo aos Departamentos de Intervención e Tesourería municipal, para os efectos oportunos.»

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos cinco concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as nove horas e quince minutos, do que eu, secretaria, certifico.

A presidenta
Elisa Pestonit Barreiros

A secretaria accidental
Verónica María Otero López